

## PROGRAMA GALICIA AUTÉNTICA

### A Cultura do Leite [Itinerario I]

**10:00/16:00** Saímos de **Santiago de Compostela** ou arredores (Brión, Ames, Teo).

**10:30/16:30** Visitamos unha granxa gandeira intensiva no concello do **Val do Dubra** ou **Brión** e comprobamos cómo se realizan as tarefas cotiás nunha explotación gandeira galega: alimentación e cría do gando, produción e coidados especiais.

**11:30/17:30** Visitamos ás instalacións fabrís da Cooperativa Feiraco en Pontemaceira, no límite co concello de **Negreira**, e asistimos a unha charla sobre produción, envasado e comercialización do leite e derivados.

**12:30/18:30** Visitamos unha queixería tradicional no concello de **Santa Comba**, na Comarca do Xallas. Nas instalacións, teremos ocasión de comprobar, cos técnicos da fábrica, todo o proceso de elaboración e envasado do queixo.

### A Cultura do Leite [Itinerario II]

**10:00/16:00** Saímos de **Santiago de Compostela** ou proximidades (Brión, Ames, Teo).

**10:30/16:30** Visitamos unha granxa gandeira intensiva no concello do **Val do Dubra** ou **Brión** e comprobamos cómo se realizan as tarefas cotiás nunha explotación gandeira galega: alimentación e cría do gando, produción e coidados especiais.

**11:30/17:30** Visitamos unha queixería tradicional no concello de **Santa Comba**, na Comarca do Xallas. Nas instalacións, teremos ocasión de comprobar, cos técnicos da fábrica, todo o proceso de elaboración e envasado do queixo.

**12:30/18:30** Visitamos Buño, terra de oleiros no concello de **Malpica de Bergantiños**. Alí asistimos a un obradoiro de elaboración de pezas de barro empregadas tradicionalmente no eido rural galego para quecer o leite, conservar os queixos, etc.

Granxa Familiar (XXX)  
Galicia Auténtica



#### Custe:

- Para grupos de 30 persoas viaxando en autocar: 8,5 €
  - Para grupos de 50 persoas viaxando en autocar: 5 €
- [Quendas de mañá e tarde]